

Martes, 21 de marzo de 2023

Núm. 56

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MOS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE

ANUNCIO

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora de medio ambiente do concello de Mos

Aprobada definitivamente por acordo adoptado en sesión plenaria ordinaria celebrada o 8 de marzo de 2023, a modificación da ordenanza reguladora de medio ambiente do Concello de Mos, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, de 3 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 196.2 do Real Decreto 2568/986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais, procédese á publicación do texto íntegro dos artigos modificados, modificación que non entrará en vigor ata que transcorra o prazo ao que se refire o artigo 70.2 da Lei 7/85:

Artigo 231:

A regulación contida neste artigo baséase na protección da saúde pública e á salubridade, o respecto ao medio ambiente, a protección dos menores, o dereito ao descanso e tranquilidade dos veciños, o dereito a gozar dun espazo público limpo e sen degradar, así como ao uso ordenado da vía pública, evitando o seu uso abusivo e excluínste que perturbe a normal convivencia cidadá e garante a seguridade da veciñanza.

Sen prexuízo do cumprimento da normativa aplicable en materia de orde pública e seguridade cidadá, así como a relativa á prevención e asistencia en materia de drogas, prohibese:

a. Consumir bebidas alcohólicas en espazos públicos, agás as destinadas a terrazas de establecementos públicos que teñan a preceptiva licenza municipal, dentro dos horarios legalmente establecidos.

b. A permanencia e concentración das persoas en espazos abertos que estean consumindo bebidas alcohólicas ou realizando outras actividades que se organicen en torno ao consumo de bebidas alcohólicas, que poñan en perigo a convivencia pacífica da cidadanía fóra dos ámbitos do termo municipal que o Concello teña establecidos como permitidos con motivo da celebración de festas e feiras patronais ou populares que estean recoñecidos oficialmente polo Concello ou sexan expresamente autorizados por este. Todo isto, sen prexuízo dos dereitos de reunión e manifestación, debidamente comunicados conforme a normativa vixente.



Martes, 21 de marzo de 2023

Núm. 56

c. A entrega ou dispensa de bebidas alcohólicas por parte dos establecementos non destinados ao consumo inmediato de bebidas alcohólicas fóra dos horarios establecidos pola lei para a súa venda (Entre as 22,00 e as 9,00 horas do día seguinte).

d. Tirar ao chan ou depositar envases de bebidas como latas, botellas, vasos ou calquera outro obxecto na vía pública.

e. A venda ou subministración de bebidas alcohólicas a menores segundo a normativa sectorial aplicable.

f. As actuacións que perturben gravemente a tranquilidade pública e vulneren as normas máis elementais de urbanidade.

Aos efectos do disposto no parágrafo anterior, considerarase que se altera ou se pon en perigo a convivencia pacífica da cidadanía ou perturbe gravemente a tranquilidade pública cando concorran alomenos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que as concentracións terán carácter regular e continuado no tempo, non considerándose as concentracións de persoas ocasionais ou puntuais.

b) Que existan queixas cidadás reiteradas denunciando molestias derivadas das concentracións aludidas.

c) Que existan problemas hixiénico sanitarios, insalubridade ou ruídos e molestias á veciñanza.

d) Que existan actos vandálicos producidos na zona que ocasionen danos en bens públicos ou privados.

As persoas organizadoras de calquera acto de carácter cultural, recreativo, festivo ou de calquera outra índole, velarán para que os comportamentos descritos nos apartados anteriores non se produzan durante a súa celebración, sendo responsables deste, estando obrigados a garantir a seguridade das persoas e bens, para garantir que os espazos públicos non se ensucien nin se deteriorenen e repoñelos, no seu caso, ao seu estado orixinal.

Se por algún destes actos se realizasen eses comportamentos, os seus organizadores comunicaranos inmediatamente ás autoridades, que poderán optar, se é o caso, por suspender a actividade.

Os pais, titores e demais titores legais dos menores responderán solidariamente das infraccións cometidas por estes.

O Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local, poderá declarar como «Zonas de especial protección» determinados espazos públicos cando se considere que as concentracións reiteradas de persoas ocasionaron ou poidan provocar unha grave perturbación da convivencia cidadá. Estas zonas unha vez declaradas, estarán debidamente sinalizadas.

Terán a consideración de zonas de especial protección as próximas a centros de saúde, colexios, parques infantís, residencias de maiores, residencias e outras de similares características e as



Martes, 21 de marzo de 2023

Núm. 56

que así se declaren por acordo da Xunta de Goberno Local cando concorran acumulativamente as seguintes circunstancias:

- Uso abusivo do espazo público continuado no tempo, polo que no se terán en conta as concentracións de persoas de carácter ocasional o puntual.

- Informes municipais previos relativos a actos de vandalismo sobre o mobiliario urbano producidos na zona, custos económicos invertidos polo Concello para a devolución de ese espazo público ao seu uso ordinario ou cando nos lugares nos que se consuma alcohol se caractericen pola afluencia de menores de idade.

O Concello elaborará cada 12 meses un informe público da zona declarada como de especial protección a los efectos de manter ou excluír a prohibición acordada.

A realización de condutas que alteren a convivencia cidadá en zonas de especial protección servirá de circunstancia de gradación da sanción concreta que se impoña.

Artigo 269:

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, segundo a tipificación que se fai das mesmas na lexislación sectorial vixente.

As infraccións previstas tamén incluírán, por remisión, as contempladas no Regulamento do Servizo municipal de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos, xa aprobado polo Pleno Corporativo e publicado no BOP do 21.07.2004.

Corresponderá á Alcaldía a imposición de sancións cuxa competencia corresponda ao Concello.

A competencia para a incoación, tramitación, instrución e proposta de resolución do expediente sancionador, corresponderalle ao Concellería de Medio Ambiente. O instrutor do expediente será, en calquera caso, un funcionario público.

Son infraccións leves, cuxa competencia para impoñer as sancións que correspondan se atribúen ao Concello:

- a) O depósito dos residuos por parte dos produtores ou posuidores para a súa recollida sen os envases ou preparación requiridos na presente ordenanza.

- b) O depósito dos residuos fóra dos recipientes ou lugares dispostos para a súa recollida.

- c) O incumprimento do disposto en canto ao depósito selectivo de residuos.

- d) O incumprimento do regulado nas letras a), b) e f) do artigo 231 da presente Ordenanza, sen prexuízo do disposto no artigo 36 da LO 4/2015, de 30 de marzo para condutas que nese contexto puidesen constituír infraccións graves.

Son infraccións graves, cuxa competencia para impoñer as sancións que correspondan se atribúen ao Concello:



Martes, 21 de marzo de 2023

Núm. 56

a) O abandono, verquido ou eliminación incontrolado de calquera tipo de residuo urbano sen que producira un dano ou deterioro grave para o medio ambiente ou se puxera en perigo grave a saúde das persoas.

Artigo 272:

As infraccións ás que se refire o artigo 269 poderán dar lugar á imposición das sancións previstas no art. 69 do vixente Regulamento do Servizo municipal de limpeza viaria e recollida de residuos sólidos urbanos.

As infraccións ás que se refiren as letras a), b) e f) do artigo 231 darán lugar á imposición das sancións previstas na LO 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, con multa de 100 € a 600 €.

As sancións imporanse atendendo ás circunstancias do responsable, grado de culpa, reiteración, participación e beneficio obtido, grado do dano causado ao medio ambiente ou do perigo que supuxera á saúde das persoas, desprezo ás normas de convivencia humana.

A ALCALDESA

NIDIA M^a ARÉVALO GÓMEZ

Documento asinado electrónicamente á marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:M3MMJ18NZ5G6PM8

